

Convenio marco de colaboración educativa entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., Afouteza e Corazón, S.L. e Galicia Sport 360, S.L., para a colaboración nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar coas entidades Real Club Celta de Vigo, S.A.D., Afouteza e Corazón, S.L. e Galicia Sport 360, S.L. o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as entidades Real Club Celta de Vigo, S.A.D., Afouteza e Corazón, S.L. e Galicia Sport 360, S.L. nos seguintes ámbitos de actuación:

- a. Realización do período de prácticas na empresa nas instalacións das devanditas entidades, por parte do alumnado que curse ensinanzas de formación profesional e ensinanzas deportivas.
- b. Promoción de ensinanzas de formación profesional en réxime de formación profesional dual intensiva.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



1. Que o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, atribúelle, entre outras, o exercicio das seguintes competencias e funcións: en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento.
2. Que a Dirección Xeral de Formación Profesional é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan formación profesional, todo iso en coordinación con outras consellerías con competencias na materia, especialmente coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
3. Que as entidades privadas asinantes deste convenio teñen entre os seus fins a participación en competicións deportivas na modalidade de fútbol, a promoción e o desenvolvemento de actividades deportivas dunha ou varias modalidades, a realización, organización e explotación de actividades recreativas e de entretemento, a explotación e comercialización de espectáculos deportivos, a organización de eventos formativos, negocios e actividades dirixidos a ensinanza de carácter didácticos
4. Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, ten por obxecto a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional que se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou organismos equiparados, contribuíndo ambos os ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación.
5. No seu artigo 6, establece entre os obxectivos do sistema de Formación Profesional, o impulso da dimensión dual da formación profesional e dos seus vínculos co sistema produtivo nun marco de colaboración público privada entre administracións, centros, empresas ou organismos equiparados, organizacións empresariais e sindicais, entidades e



terceiro sector para a creación conxunta de valor, o aliñamento dos obxectivos e proxectos estratéxicos comúns, a superación da brecha urbano/rural a través dunha adecuada adaptación territorial, e o uso eficaz dos recursos en contornas formativas e profesionais.

6. Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, constitúe e ordena o sistema único e integrado de formación profesional; no seu artigo 55 establece que "toda oferta de formación profesional dos Graos C e D vinculada ao Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais terá carácter dual, incorporando unha fase de formación en empresa ou organismo equiparado", engadindo que "a fase de formación na empresa terá unha duración mínima do 25 % da duración total prevista da formación e deberá realizarse no seo dunha ou varias empresas ou organismos equiparados, públicos ou privados, pertencentes ao sector produtivo ou de servizos que sirva de referencia á formación".

A regulación do Sistema de Formación Profesional establece que todas as ofertas de formación profesional de Grao C, D e, no seu caso, E conducentes á expedición dun Certificado Profesional, un Título de Formación Profesional, un Título de Especialista ou un Máster de Formación Profesional, efectuaranse, con carácter dual, baixo un dos seguintes dous réximes de oferta:

- Réxime xeral (artigo 66), cando a duración da formación na empresa ou organismo equiparado sexa entre o 25 % e o 35 % da duración total da formación ofertada e non exista contrato de formación na empresa.
 - Réxime intensivo (artigo 67), cando a duración da formación na empresa ou organismo equiparado sexa superior ao 35 % da duración total da formación ofertada e si exista contrato laboral de formación coa empresa.
7. Que o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional e regula a fase de formación en empresa ou organismo equiparado, sen prexuízo de que se aplique, igualmente e para todos os efectos, á formación en alternancia en dual que vén desenvolvéndose en virtude do establecido nas ordes anuais de convocatoria dos proxectos de formación profesional dual para cada curso escolar e que contemplan un acordo marco ou convenio de cooperación coas empresas ou organismos equiparados e os centros de formación profesional autorizados para impartir as ofertas de formación profesional.



8. Que dada a coincidencia de intereses, todas as partes están de acordo en articular a colaboración que resulte necesaria para mellorar a formación profesional, realizando actuacións conxuntas que permitan incrementar o número de alumnado que cursa este ensino, co fin de promover unha mellor inserción laboral, adecuar a oferta formativa á demanda do mercado laboral e potenciar a autonomía das persoas mediante o desenvolvemento de competencias profesionais ao longo de toda a súa vida.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio marco que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

